

## ANEXO II

## MODELO DE CERTIFICACIÓN DO / DA DIRECTOR /A

Don / Dona \_\_\_\_\_,

Director /a do centro \_\_\_\_\_

**CERTIFICA:**Que don / dona \_\_\_\_\_,  
profesor /a deste centro,

- <sup>(1)</sup> É responsable do equipo de normalización lingüística.
- <sup>(1)</sup> É compoñente do equipo de normalización lingüística.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura e selo do centro)

<sup>(1)</sup> Sinale o que proceda**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA**

*Orde do 24 de abril de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas de apoio á dinamización sectorial e seguridade no ámbito da minaría na Comunidade Autónoma galega, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.*

Galicia ten no sector mineiro unha das actividades industriais máis relevantes da comunidade, non só pola importancia que ten no volume de negocio, senón tamén pola xeración de emprego. No caso dalgúns recursos ocupa posicións de liderado tanto a nivel nacional e incluso internacional.

Porén, este sector a pesar da súa etiqueta de estratégico atópase fronte a grandes retos coma a presión de competidores internacionais ou o aumento de requirimentos técnicos e normativas ambientais que obrigan a este potencial natural a evolucionar nas súas fórmulas de traballo e de produción.

O sector mineiro necesita mellorar a súa eficacia e reforzar a súa posición económica, de xeito que sexa quen de facer fronte a ameazas externas e de ofrecer unha oferta de emprego de calidade e unha maior estabilidade.

Pola súa banda, aínda que nos últimos anos se están levando a cabo esforzos notables para reducir os índices de sinistralidade no sector, cómpre seguir

avanzando na mellora da seguridade e saúde dos traballadores, co obxecto de eliminar ou minimizar as casusas dos accidentes e das enfermidades derivadas do traballo.

Neste marco, a Administración galega, dentro do seu obxectivo de impulsar a industria galega e manter os procesos produtivos na nosa comunidade, considera necesario impulsar un programa de axudas encamiñadas á dinamización sectorial e á mellora da seguridade laboral.

Na súa virtude, en uso das atribucións que me foron conferidas,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º.-Bases.

Apróbanse as bases para a concesión de axudas encamiñadas ao apoio á dinamización sectorial e seguridade no ámbito da minaría na Comunidade Autónoma galega e que figuran como anexo I a esta orde.

Artigo 2º.-Convocatoria.

1. Convócanse as axudas encamiñadas ao apoio á dinamización sectorial e seguridade no ámbito da minaría na Comunidade Autónoma galega, para o ano 2006, de acordo coas bases reguladoras aprobadas nesta orde.

2. Estas axudas outorgaranse, no réxime de concorrencia competitiva, con cargo aos créditos pre-

vistos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2006, destinándose para o seu financiamento ata un máximo de 689.535,30 €

para a anualidade citada, e 137.907,06 € para a anualidade de 2007 que se imputan ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Denominación	Partida orzamentaria	Importe en euros	
		Ano 2006	Ano 2007
a) Promoción das actividades realizadas polas asociacións ou federacións empresariais dos diferentes sectores industriais vinculados á minaría galega.	10.03.641-A.780.2	195.970,80	39.194,16
b) Fomento de actuacións de mellora da seguridade nas empresas do ámbito da minaría galega.	10.03.641-A.770.0	493.564,50	98.712,90
	Total	689.535,30	137.907,06

3. Estas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coas dispoñibilidades de crédito.

Poderanse establecer os correspondentes compromisos plurianuais dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente.

4. Establécese un límite máximo no importe da subvención para as empresas de 100.000 € por anualidade, independentemente do número de proxectos presentados. Establécese un límite máximo no importe da subvención para as asociacións de 100.000 € por anualidade, independentemente do número de proxectos presentados.

5. Excepcionalmente, sen prexuízo das modificacións orzamentarias pertinentes, nos supostos en que existe compatibilidade entre as accións correspondentes ás aplicacións orzamentarias citadas e crédito suficiente, poderá destinarse parte de crédito dunha das aplicacións que non fose esgotada para cubrir actuacións da outra aplicación que quedaran excluídos por falta de crédito.

#### Artigo 3º.-Solicitudes.

1. As solicitudes, que se dirixirán ao conselleiro de Innovación e Industria, presentaranse no rexistro xeral das delegacións provinciais, nos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que teñan suscrito convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O modelo de solicitude e o resto dos modelos necesarios para solicitar ou xustificar a axuda, publícanse como anexos II, III, IV, e V desta orde e atópanse tamén á disposición dos interesados no enderezo da internet: <http://www.xunta.es/conselle/in>.

4. A solicitude irá acompañada da documentación establecida nas bases.

Artigo 4º.-Prazo para realizar e xustificar investimentos.

1. Considéranse gastos subvencionables para as empresas aqueles realizados e pagados efectivamente entre a data de solicitude da axuda, que deberá presentarse antes de comezar a execución dos proxectos de investimento, e o 15 de novembro de 2006. Esta última data será ademais a límite para presentar a documentación xustificativa dos investimentos realizados.

2. Considéranse gastos subvencionables para as asociacións sectoriais, as súas federacións ou entidades sen ánimo de lucro, nos sectores relacionados coa minaría os realizados e pagados efectivamente entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 15 de novembro de 2006. Esta última data será ademais a límite para presentar a documentación xustificativa dos investimentos realizados.

#### *Disposición adicional*

##### Delegación de competencias.

1. Delégase nos delegados provinciais da Consellería de Innovación e Industria as atribucións para a resolución dos procedementos de concesión, revogación, reintegro e modificación das subvencións relativas ao fomento da seguridade laboral nas empresas de sectores industriais relacionadas coa minaría, ata o límite dos créditos orzamentarios que resulten desconcentrados.

2. As resolucións que se adopten facendo uso da competencia conferida por esta orde farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse como propias do órgano delegante, resultando aplicable o réxime de recursos previsto no artigo 21 das bases reguladoras destas subvencións.

#### *Disposición derogatoria*

##### Derrogación normativa.

Para os efectos desta orde, queda derogada a Orde do 1 de marzo de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas de apoio á dinamización sectorial e seguridade no ámbito da minaría na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Industria, Enerxía e Minas para que dite as resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-En todo o non recollido nesta orde aplícarase o disposto para esta materia na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas a subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa que resulte de aplicación.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2006.

Fernando Xavier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

*ANEXO I*

Bases reguladoras da concesión de axudas de apoio á dinamización sectorial e seguridade no ámbito da minaría na Comunidade Autónoma galega

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Estas bases teñen por obxecto a regulación da concesión de subvencións incluídas no programa de axudas encamiñadas ao apoio á dinamización sectorial e seguridade no ámbito da minaría na Comunidade Autónoma galega.

2. Constitúen o obxecto destas axudas os seguintes:

a) Promoción das actividades realizadas polas asociacións ou federacións empresariais dos diferentes sectores industriais vinculados á minaría galega.

b) Fomento de actuacións de mellora da seguridade nas empresas do ámbito da minaría galega.

3. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Artigo 2º.-Beneficiarios e requisitos.

Poderán acollerse a estas axudas as empresas privadas, as súas asociacións sectoriais, as súas federacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a súa actividade se relacione coa xeoloxía, os sectores de extracción ou transformación mineira, a cerámica, os granulados ou que presten servizos específicos ou fabriquen equipamentos para os ditos sectores.

b) Que materialicen o proxecto obxecto da axuda no ámbito territorial de Galicia.

c) Que posúan personalidade xurídica propia e suficiente capacidade para obrar e que non estea inhabilitada para a obtención de subvencións públicas ou para contratar co Estado, comunidades autónomas e outros entes públicos.

d) Que non teñan pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma e que estean ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

e) As empresas incluídas no ámbito de aplicación do Decreto 115/2000, do 11 de maio, polo que se aproba a regulación dos rexistros de establecementos industriais de Galicia, deberán atoparse inscritas e cos datos actualizados, de acordo cos prazos establecidos no dito rexistro.

f) Non estar incurso nas circunstancias recollidas nos números 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

g) Calquera que poida ser exixible en virtude de normas de dereito necesario.

Artigo 3º.-Contía máxima da subvención.

a) Promoción das actividades realizadas polas asociacións ou federacións empresariais dos diferentes sectores industriais vinculados á minaría galega: ata un 55% do custo da actuación subvencionable.

b) Fomento de actuacións de mellora da seguridade nas empresas do ámbito da minaría galega: ata o 40% do custo da actuación subvencionable para o primeiro ano e o 20% do custo das actuacións que se realicen no/nos anos seguintes no caso de actuacións pluri-anuais.

Artigo 4º.-Actuacións subvencionables.

Terán a consideración de investimento subvencionables as seguintes actuacións:

1. Realización de actuacións, programas ou proxectos executados por asociacións sectoriais, as súas federacións ou entidades sen ánimo de lucro, nos sectores relacionados coa minaría, encamiñados ao impulso e desenvolvemento do sector, sempre que non impliquen un beneficio directo para unha empresa en particular.

2. Implantación por parte das empresas de medidas preventivas, de protección, redución ou eliminación encamiñadas a mellorar a seguridade industrial ou laboral no ámbito da minaría, en especial actuacións de prevención das enfermidades do traballo en concreto as provenientes do po e do ruído.

Artigo 5º.-Gastos subvencionables.

1. Consideraranse gastos subvencionables, para os efectos previstos nesta convocatoria, aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido na correspondente convocatoria.

2. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dentro do prazo de finalización do período de xustificación.

3. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 € no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 € no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á

contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

4. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na solicitude da subvención, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, seguiranse as seguintes regras:

a) O beneficiario deberá destinar os bens para o fin concreto para o que se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos no caso de bens inscribibles nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens, entenderase así sempre que a actividade económica da mesma se manteñan en Galicia durante o prazo mínimo de 5 anos.

No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.

b) O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no artigo 22º destas bases, quedando o ben afecto ao pagamento do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título ou en establecemento mercantil ou industrial, en caso de bens mobles non inscribibles.

5. Non se considerará incumplida a obriga de destino referida no anterior número 3 cando:

a) Tratándose de bens non inscribibles nun rexistro público, fosen substituídos por outros que sirvan en condicións análogas ao fin para o que se concedeu a subvención e este uso se manteña ata completar o período establecido, sempre que a substitución fose autorizada pola Administración concedente.

b) Tratándose de bens inscribibles nun rexistro público, o cambio de destino, alleamento ou gravame sexa autorizado pola Administración concedente. Neste suposto, o adquirente asumirá a obriga de destino dos bens polo período restante e, no caso de incumprimento desta, do reintegro da subvención.

6. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

7. En ningún caso serán gastos subvencionables:

a) Os xuros debedores das contas bancarias.

b) Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.

c) Os gastos de procedementos xudiciais.

8. Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente.

Para as actuacións a que se refire o punto 1 do artigo 4º, poderase considerar o IVE como gasto subvencionable cando o beneficiario acredite mediante a correspondente certificación que se atopa acollido ao réxime de exención do IVE.

En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Artigo 6º.-Concurrencia de axudas e subvencións públicas.

As subvencións previstas nesta orde son incompatibles, para un mesmo proxecto, con calquera outra das reguladas por esta consellería.

O importe da subvención neta equivalente ás empresas, en concurrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, non poderá superar o máximo de intensidade rexional, 40% sobre o investimento subvencionable establecido para cada actividade nesta orde. No caso de axudas a empresas PEME engadirase un 15% adicional o dito límite.

Enténdese por mediana empresa a que cumpre os seguintes requisitos: ocupa menos de 250 persoas e cuxo volume de negocio anual non excede de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede de 43 millóns de euros e que sexa autónoma, isto é que o 25% ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto non pertenza a outra empresa, ou conxuntamente a outras empresas que non respondan á definición de PEME. Para o cálculo dos efectivos e os importes financeiros mencionados aplicarase o disposto na Recomendación da Comisión do 6 de maio de 2003, relativa á definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DO L 124, do 25 de maio de 2003 p36).

Enténdese por subvención neta equivalente como o beneficio último que a axuda debería proporcionar á empresa unha vez deducido o imposto sobre sociedades aboado en concepto da dita axuda.

Artigo 7º.-Criterios obxectivos de adxudicación.

Os criterios serán, en orde decrecente de importancia, os establecidos a continuación segundo a tipoloxía da actuación:

Para as actuacións indicadas no punto 2 a) do artigo 1º valorarase a utilización da lingua galega e serán preferentes en orde decrecente as tipoloxías seguintes: as de promoción sectorial, as de fomento da calidade e as de seguridade e saúde.

Para as actuacións indicadas no punto 2 b) do artigo 1º teranse en conta en orde decrecente os seguintes factores:

a) Desenvolvemento do proxecto no marco dun sistema de xestión da prevención de riscos laborais.

b) Carácter innovador e calidade técnica do proxecto.

c) Mellora das condicións de seguridade e saúde das explotacións.

d) Proxectos de mellora da seguridade que afecten o maior número de traballadores en relación co conxunto total de persoal da empresa solicitante.

e) A gravidade dos riscos que se pretenden corrixir coas actuacións proxectadas.

f) A eficacia da protección contra o risco laboral na actividade mineira.

g) Efecto directo sobre o incremento de emprego estable.

#### Artigo 8º.-Entidades colaboradoras.

De acordo co establecido nos artigos 12 e 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Consellería de Innovación e Industria poderán establecer convenios de colaboración con outros organismos e demais entes públicos, sociedades mercantís participadas íntegra ou maioritariamente polas administracións públicas, organismos ou entes de dereito público, co obxecto de que estas actúen como entidades colaboradoras na xestión das subvencións sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Os referidos convenios de colaboración regularán as condicións e obrigas asumidas polas entidades de colaboración.

Artigo 9º.-Solicitudes, prazo de presentación e documentación que debe acompañala.

1. O prazo para a presentación das solicitudes correspondentes a cada convocatoria comezará o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no prazo establecido na correspondente convocatoria.

2. As solicitudes, que se dirixirán ao conselleiro de Innovación e Industria, presentaranse no rexistro xeral das delegacións provinciais, no dos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que teñan suscrito convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O modelo de solicitude e o resto dos modelos necesarios para solicitar a axuda publicaranse como anexos a cada convocatoria.

3. A solicitude presentarase acompañada da seguinte documentación:

3.1. Aquela que acredite a personalidade, natureza e réxime xurídico da entidade solicitante, tendo en conta que:

3.1.1. Se é unha fundación, asociación ou entidade sen ánimo de lucro deberá achegar a escritura de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro correspondente, debendo quedar acreditado se for o caso a súa condición de entidade sen ánimo de lucro.

3.1.2. Se é unha empresa, documentación acreditativa da súa constitución legal, inscrición no correspondente rexistro, domicilio social e dos seus centros de traballo en Galicia se for o caso.

3.2. Documento nacional de identidade e do documento público acreditativo do poder con que actúa quen representa a empresa ou entidade solicitante.

3.3. Tarxeta de identificación fiscal NIF/CIF segundo proceda, e do último recibo do imposto de actividades económicas (IAE).

3.4. Memoria explicativa do proxecto. Para a súa redacción utilizarase o formulario que figura como anexo III, e deberá conter:

3.4.1. Resumo dos investimentos subvencionables que se realizarán.

3.4.2. Antecedentes e xustificación do proxecto. Obxectivos que se pretenden acadar. O seu carácter innovador.

3.4.3. Alcance detallado das diferentes actuacións que o integran. A súa necesidade, cuantificación económica. Contratacións que se deberán realizar con outras empresas.

3.4.4. Planificación dos traballos no tempo con referencia a cada unha das actuacións que configuran o proxecto (mes de inicio/mes finalización). Distribución das tarefas entre os equipamentos de traballo ou empresas.

3.4.5. Relación entre as actuacións e o actual proceso produtivo.

3.4.6. Efectos esperados sobre:

3.4.6.1. Mellora das condicións de seguridade e saúde dos centros produtivos ou explotacións.

3.4.6.2. Incremento do emprego estable.

3.4.6.3. Incremento da presenza comercial sobre mercados novos ou tradicionais.

No caso de proxectos realizados por asociacións sectoriais aos que se refire o artigo 4º.1 deberán concretar ademais as empresas directamente beneficiarias da acción.

3.4.7. Orzamento do investimento, separando os prezos unitarios dos principais elementos da actuación (anexo da convocatoria) e coa correspondente desagregación do IVE.

3.2. Declaración expresa, segundo o modelo que figurará na convocatoria, contendo a relación doutras axudas solicitadas, obtidas ou que se prevé solicitar para este investimento en calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

3.3. Declaración expresa, segundo o modelo que figurará na convocatoria, de non estar incurso nas circunstancias recollidas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3.4. Certificados acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega.

3.5. No caso de proxectos realizados por asociacións sectoriais aos que se refire o punto 2 a) do artigo 1º que se atopan acollidas ao réxime de exención no imposto de valor engadido (IVE), certificado acreditativo desa situación.

3.6. Inscripción no Rexistro de Establecementos Industriais, de ser o caso.

3.7. No caso de que o solicitante o considere oportuno, poderase presentar calquera outro documento que contribúa a aclarar o contido e alcance das actuacións que se realizarán sen que isto exima da presentación de toda a documentación anteriormente indicada.

3.8. De toda a documentación presentaranse dous exemplares. Polo menos, un deses exemplares contera documentos orixinais ou compulsados.

3.9. Non será necesaria a presentación de todos aqueles documentos que fosen presentados en convocatorias anteriores das liñas de axudas que se recollen nesta orde, sempre que o solicitante faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

3.10. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir o solicitante para que presente ou, no seu defecto, acredite por outros medios, os requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3.11. De acordo co establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a presentación da solicitude de concesión de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, co fin de acreditar que o solicitante está ao día nas obrigas tributarias e coa seguridade social e non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Admi-

nistración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 10º.-Emenda de defectos.

Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos nesta orde, o órgano competente requirirá o interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do dito requirimento, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios ou aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Artigo 11º.-Instrución do procedemento.

A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas e as secretarías das delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria serán os órganos competentes para a instrución do procedemento de concesión das subvencións obxecto desta convocatoria.

Na fase de instrución o órgano instructor dos procedementos de subvención realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución, conforme o que estableza esta orde, a normativa xeral e específica de subvencións e de acordo coas normas do procedemento administrativo común.

Artigo 12º.-Valoración dos proxectos.

Revisados os expedientes e completados de ser o caso, as distintas unidades tramitadoras deberán emitir para cada solicitude de subvención, como paso previo para proceder á súa valoración, un informe de avaliación relativo ao cumprimento dos requisitos que establece o artigo 7º desta orde, no que se fará constar expresamente se da información contida nos expedientes se desprende que o beneficiario cumpre os requisitos para acceder ás subvencións.

A valoración das solicitudes admitidas a trámite será realizada por unha comisión constituída para o efecto que estará presidida pola directora xeral de Industria, Enerxía e Minas ou a persoa en que delegue, o subdirector xeral de Recursos Minerais, a xefa do Servizo de Xestión Mineira, que actuará como secretaria, e representantes das catro delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria.

A mencionada comisión valorará a totalidade das solicitudes seguindo os criterios de selección de proxectos establecidos no artigo 7º desta orde, ordenando as solicitudes correlativamente en sentido decrecente ao valor asignado.

### Artigo 13º.-Proposta de resolución.

1. A comisión de valoración proporá a contía das axudas correspondentes aos investimentos subvencionables ata esgotar crédito dispoñible, quedando en reserva o resto dos investimentos subvencionables, para que, se se produce algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, poidan ser atendidas co crédito que quede libre.

A proposta de resolución expresará a persoa solicitante ou relación de persoas solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e proxectos seleccionados así como a porcentaxe e o importe da subvención proposta para cada un deles. As solicitudes para as que se propoña a súa denegación relacionaranse con indicación da causa desta.

2. Cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades que desenvolverá o solicitante e, por motivos de capacidade orzamentaria, o importe da subvención reflectido na proposta de resolución sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, concederáselle ao beneficiario a posibilidade de reformulación do proxecto para axustar os compromisos á subvención outorgable.

En calquera caso, a reformulación de proxectos deberá respectar o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes.

### Artigo 14º.-Resolución.

1. Á vista da proposta emitida pola comisión de valoración, o conselleiro de Innovación e Industria ditará as resolucións de concesión ou denegación das subvencións solicitadas.

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, para os únicos efectos da optimización da xestión dos fondos dispoñibles e das solicitudes que quedasen en reserva de conformidade co disposto no artigo anterior, o beneficiario da axuda deberá aceptala expresamente no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, para o cal se xuntará modelo de aceptación coa notificación da resolución. No caso contrario entenderase que concorre a renuncia á axuda concedida e se procederá nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As resolucións de concesión ou denegación das solicitudes de concesión de subvencións serán motivadas, de acordo cos criterios de outorgamento establecidos.

As resolucións estimatorias expresarán o obxecto e importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe da subvención concedida e a contía desta e, no caso de que teña carácter plurianual, as cantidades outorgadas con cargo aos orzamentos de exercicios posteriores.

3. O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución expresa será de seis meses contados desde a publicación desta orde.

O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa, lexítima o interesado para enten-

der desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

### Artigo 15º.-Actuacións plurianuais.

No caso de actuacións plurianuais, que excedan o exercicio da convocatoria, poderanse establecer os correspondentes compromisos de anualidade dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente, de conformidade co prazo de execución do investimento, e aplicarase o disposto para os efectos oportunos na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Os libramentos correspondentes a estas axudas faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario. Se a materialización ou o pagamento do investimento se anticipase ao calendario establecido na resolución de concesión e non for posible o reaxuste das anualidades de subvención, o investimento ou pagamento adiantado poderá servir de xustificación para o libramento das anualidades posteriores sempre que se obtivese a conformidade do órgano competente para a concesión da axuda.

Nos proxectos plurianuais, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final de ano, corresponden á anualidade seguinte e polo tanto poderanse presentar como xustificantes para o cobramento da dita anualidade.

### Artigo 16º.-Obrigas do beneficiario.

O beneficiario da subvención queda obrigado a:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención.

b) Acreditar ante a entidade concedente ou, de ser o caso, ante a entidade colaboradora a realización da actividade ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos ou condicións que determinan a concesión ou desfrute da subvención. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na súa normativa de desenvolvemento.

c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que está ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por concepto ningún, coa Administración pública da comunidade autónoma.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que serán efectuadas polo órgano concedente ou entidade colaboradora, de ser o caso, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poida realizar a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Consello de Contas e do Tribunal de Contas e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedente, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas así como calquera alteración producida nas xa comunicadas coa solicitude. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, a fin de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 22º desta orde.

#### Artigo 17º.-Modificación das resolucións.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario. Os requisitos que deberán cumprirse para isto son os seguintes:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade desta orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ocorrer na concesión inicial, non supuxesen a denegación total ou parcial da axuda ou subvención.

3. O beneficiario deberá solicitar a dita modificación mediante instancia dirixida ao órgano concedente, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos expresados no punto 2 deste artigo, no prazo de 20 días hábiles antes da data límite de xustificación do investimento da correspondente anualidade.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución, ou de ser o caso se denegue, será ditada polo órgano concedente, logo de instrución do correspondente expediente, en que se lles dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 18º.-Subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios.

1. Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

2. A porcentaxe de subcontratación non poderá exceder do 50% do importe da actividade subvencionada para as actuacións recollidas no punto 2 b) do artigo 1º desta orde. Para as actuacións recollidas no punto 2 a) do artigo 1º desta orde, a porcentaxe de subcontratación poderá chegar ao 100%.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao contido desta.

3. Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20 por cento do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o contrato se celebre por escrito.

b) Que a celebración deste se autorice previamente pola entidade concedente da subvención.

4. Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía deste e eludir o cumprimento dos requisitos exixidos no punto anterior.

5. Os contratistas quedarán obrigados só ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

6. Para os efectos do previsto no punto anterior, os beneficiarios serán responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites que se establezan na normativa reguladora da subvención en canto á natureza e contía de gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración previsto no artigo 46 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para permitir a axeitada verificación do cumprimento dos ditos límites.

7. En ningún caso poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da citada Lei 38/2003.

b) Persoas ou entidades que percibiron outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

c) Intermediarios ou asesores nos cales os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.



d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª Que se obteña a previa autorización do órgano concedente.

e) Persoas ou entidades solicitantes de subvención nesta mesma convocatoria, que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

8. Non se considerará subcontratación, para os efectos deste artigo, a adquisición de equipamento ou instalacións chave en man.

#### Artigo 19º.-Xustificación do investimento.

1. Para o libramento de cada anualidade da subvención, o beneficiario deberá ter realizado as actuacións e xustificadas a aplicación dos fondos antes do 15 de novembro do ano que corresponda. A data límite para executar as actuacións que fosen obxecto de subvención e para xustificar o correspondente investimento e pagamento é o 15 de novembro do ano que corresponda, para o que o beneficiario deberá presentar, na respectiva delegación provincial ou nos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria, a través dalgunha das formas contempladas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por duplicado, a seguinte documentación acreditativa:

a) Informe técnico no cal se describa a realización do proxecto ou actuación e os datos e incidencias máis significativos habidos na súa execución. Deberá incluír un resumo da execución do orzamento subvencionado segundo o modelo indicado no anexo VI en que figuren os distintos conceptos e o importe do investimento subvencionado, o investimento realizado, coa relación de facturas que a xustifican e os pagamentos realizados como consecuencia das ditas facturas.

b) Documentos acreditativos do investimento ou actuación consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalentemente emitidas dentro do período.

c) Documentos acreditativos dos pagamentos, transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto do pagamento. Nestes documentos deberá quedar debidamente identificado o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin obrigas de pagamento cuxos cobramentos sexan posteriores á data límite para presentar a documentación xustificativa dos investimentos realizados.

d) As facturas en moeda estranxeira deben ir acompañadas de fotocopias dos documentos bancarios de cargo en que conste o troco utilizado.

e) No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, a xustificación do

pagamento realizarase sempre mediante a achega do extracto bancario acompañado dun dos seguintes documentos:

1. Relación emitida polo banco dos pagamentos realizados.

2. Orde de pagamento da empresa selada polo banco.

3. Recibín do proveedor.

f) Nos gastos de persoal deberán achegarse os seguintes documentos xustificativos:

1. Contrato, nóminas, acreditación do pagamento da nómina, xustificantes do pagamento á Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TC-1 e TC-2).

2. Custo-hora de cada empregado ou bolseiro participante no proxecto e número de horas dedicadas ao proxecto por cada un deles.

3. Xustificación da obtención do custo-horario.

4. Credenciais do bolseiro e acreditación dos pagamentos dos honorarios.

g) Para todos aqueles investimentos intanxibles deberá presentarse, así mesmo, unha copia de cada un dos estudos, diagnósticos, manuais, plans, etc. que se realizasen ou desenvolvesen, así como unha copia dos certificados que se obtivesen.

h) Xustificante de axudas obtidas ou declaración das solicitadas ou que se prevé obter para o mesmo investimento en calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais; indicando a súa contía.

i) Certificación expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta onde se deba realizar o pagamento, en que conste: ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

j) Certificados acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma e de estar ao día no imposto sobre actividades económicas.

k) beneficiario de calquera subvención plurianual, cuxo importe total supere os trinta mil cincuenta euros con sesenta e un céntimos (30.050,61 €), deberá achegar ademais o xustificante acreditativo do depósito na Caixa Xeral de Depósitos, do seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca que garanta o importe da anualidade cuxo pagamento se estea tramitando así como os seus correspondentes xuros, xuro legal do diñeiro indicado na Lei de orzamentos do Estado que estea vixente nese momento, por un prazo que deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación da última das anualidades da subvención.

2. Os órganos competentes da Consellería de Innovación e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes ou medios de xustificación que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinala podería entenderse que renuncia á axuda.

#### Artigo 20º.-Pagamento da subvención.

1. A percepción da axuda terá lugar unha vez que os servizos técnicos da Consellería de Innovación e Industria, tras a inspección realizada, de ser o caso, certificasen que se realizou o investimento que foi obxecto de subvención e o contemplado na resolución de concesión. Ademais, o beneficiario deberá presentar a documentación adicional que lle sexa requirida por estes servizos técnicos, co obxecto de determinar o alcance do proxecto ou actuacións subvencionables.

2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do proxecto, a axuda reducirase proporcionalmente mantendo constante a porcentaxe de subvención respecto ao investimento.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto o beneficiario non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

#### Artigo 21º.-Réxime de recursos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nestas bases e nas correspondentes ordes de convocatoria esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou ou debeu ditalas no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa ou de seis meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

E todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, de ser o caso, calquera outro que coïden procedente.

#### Artigo 22º.-Reintegro da subvención.

Procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención percibida e a exixencia do xuro de demora devenidos desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia de tal reintegro, nos casos previstos no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia,

modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e do réxime administrativo.

Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de calquera administración pública ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, de ser o caso, a porcentaxe máxima sobre o investimento subvencionable que se estableza.

O procedemento de reintegro se tramitará de acordo co establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

#### Artigo 23º.-Fiscalización e control.

A concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

#### Artigo 24º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas subvencións reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

#### Artigo 25º.-Publicidade.

Unha vez ultimada a concesión das axudas, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación da entidade beneficiaria, contía e finalidade da subvención.

#### *Disposición adicional*

En todo o non previsto nesta orde aplicarase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada parcialmente pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado parcialmente pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, e na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para cada exercicio, así como no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ANEXO II



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
 E INDUSTRIA**

PROCEDEMENTO <i>AXUDAS PARA O APOIO Á DINAMIZACIÓN SECTORIAL E SEGURIDADE NO ÁMBITO DA MINARÍA PARA O ANO 2006 EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>IN303A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DA EMPRESA SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF/NIF	
DOMICILIO SOCIAL		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
PROVINCIA	ANO DE CONSTITUCIÓN	ACTIVIDADE	Nº INSCRIPCIÓN REXIST. EST. IND.
CNAE (ACTIVIDADE PRINCIPAL)	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
CAPITAL SOCIAL (€)	FACTURACIÓN ÚLTIMO ANO (€)		GASTOS EN I+D NO ÚLTIMO ANO (€)
<b>PERSOAL DA EMPRESA A 1 DE XANEIRO DE 2006</b>		<b>XERACIÓN TOTAL DE EMPREGO DO PROXECTO</b>	
		<b>XERACIÓN DE EMPREGO DO PROXECTO EN TEMPO</b>	
		ANUALIDADE PRIMEIRA	
		ANUALIDADE SEGUNDA	
PERSOAL FIXO	PERSOAL EVENTUAL	PERSOAL TOTAL FIXO	PERSOAL TOTAL EVENTUAL
		FIXO	EVENT.
		FIXO	EVENT.
ACRÓNIMO	GRUPO EMPRESARIAL		
ACCIONARIADO			
<input type="checkbox"/> NACIONAL PÚBLICO (%) _____ <input type="checkbox"/> NACIONAL PRIVADO (%) _____ <input type="checkbox"/> ESTRANXEIRO (%) _____			

## ACTIVIDADE E PRINCIPAIS LIÑAS DE PRODUTOS FABRICADOS NO ÚLTIMO EXERCICIO

PRODUTO OU LIÑA DE ACTIVIDADE	VENDAS TOTAIS €	NACIONAIS (%)	EXPORTACIÓN (%)
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

## E na súa representación legal

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
------------------	-----------------	------	-----

## DATOS DO PROXECTO

TÍTULO	LOCALIDADE EN QUE SE MATERIALIZA O PROXECTO	PROVINCIA
--------	---	-----------

DURACIÓN	MODALIDADE
<input type="checkbox"/> 1 ANO <input type="checkbox"/> 2 ANOS	<input type="checkbox"/> 1.- Promoción das actividades realizadas polas asociacións ou federacións empresariais dos diferentes sectores industriais vinculados á minaría galega. <input type="checkbox"/> 2.- Fomento de actuacións de mellora da seguridade nas empresas do ámbito da minaría galega.

## DATOS DO INVESTIMENTO QUE SE VAI REALIZAR PARA O QUE SE SOLICITA ESTA AXUDA (€)

INVESTIMENTO	ANO 2006	ANO 2007	TOTAL
--------------	----------	----------	-------

## PERSOA DE CONTACTO NA EMPRESA

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
CARGO		

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 24 de abril de 2006 pola que se modifican as bases reguladoras da concesión de axudas de apoio á dinamización sectorial e seguridade no ámbito da minaría na Comunidade Autónoma galega, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.*

SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Conselleiro de Innovación e Industria

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

